

Criterios de cualificación

Terceira avaliación

Os criterios serán os mesmos que nas avaliacións anteriores para os catro cursos da ESO.

Realizaranse polo menos **dous exames escritos** dos contidos tratados ata o momento, cuxa media representará o **70%** da nota final do trimestre.

A media destas probas escritas non poderá ser **inferior a 3** para facer media co resto de apartados valorados en cada avaliación. En caso de non alcanzar esta nota mínima, a media dos exames escritos será a mesma que a nota de avaliación.

Por outra banda ao longo do trimestre os alumnos obterán notas de traballos e exercicios dixitais realizados en clase ou en casa e terán que entregar o seu caderno. A media destas notas sumará o 20% da nota de avaliación.

O 10 % restante corresponderá a unha nota de traballo continuo e boa actitude que será valorado da seguinte forma.

Cada vez que un alumno/a, sume tres faltas de comportamento, das que será avisado verbalmente ou 3 faltas por deberes non feitos, restarase 0,5 a este apartado.

A nota da terceira avaliación será a resultante da media ponderada dos apartados anteriormente citados.

Avaliación final

O alumnado que non estea en condicións de acadar o 5 na avaliación final, terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación correspondente a(s) avaliación(s) suspensa(s), (cada alumno so realizará a parte da proba que lle corresponda e non poderá subir nota nas

avaliacións aprobadas). **A nota obtida substituirá a media das probas da avaliación correspondente e fará media cos outros apartados contemplados en cada avaliación.**

Metodoloxía

O alumnado con algunha avaliación suspensa disporá de todo o material necesario en EDIXGAL para repetir exercicios de clase ou probas realizadas coa solución.

A profesora aportará aclaracións a petición do alumnado.

No período final de clases todo o alumnado realizará unha proba oral de repaso de todo o curso.

A nota da avaliación final PARA TODO O ALUMNADO será a media das notas reais (sen redondeo) de cada unha das tres avaliacións ponderada cun 90% e a nota da proba oral cun 10%.

RUBRICA DE VALORACIÓN DA PROBA ORAL

As preguntas da proba oral serán comunicadas con antelación e retomarán os contidos de todo o curso.

Cada alumno responderá a un mínimo de 5 preguntas da listaxe entregada.

Valoraranse as repostas de 0 a 2 en función dos seguintes aspectos.

	De 0 a 0.75 puntos	De 1 a 1.5 puntos	2 puntos
FLUIDEZ	Non entende a pregunta ou non sabe que responder. Nótase que non preparou as repostas. Fai moitas pausas, non é capaz de manter a conversación.	Sabe de que trata a pregunta, pode responder ás preguntas mais non ten capacidade para manter a conversación, as súas	Nótase que preparou a proba, ten unha velocidade de resposta adecuada para a comunicación.

		respostas son pobres ou incompletas.	As súas respostas son moi completas.
VOCABULARIO	Usa palabras en castelán ou galego, non ten suficiente vocabulario para construír unha resposta correcta.	Ten un vocabulario mínimo, pregunta en francés polas palabras que non coñece.	Exprésase exclusivamente en francés, é creativo e usa un vocabulario rico e variado.
CORECCIÓN GRAMATICAL	Comete moitos erros gramaticais, non usa correctamente as regras de conxugación...	O uso da gramática é aceptable, comete erros que non impiden a comprensión do que expresa.	Usa correctamente a gramática e só comete pequenos erros.
PRONUNCIACIÓN	Non pronuncia nada ben, faise difícil enténdelo.	A súa pronunciación é aceptable, faise entender a pesares de cometer erros e meter sonidos da súa lingua materna.	A súa pronunciación é boa ou moi boa, esfórzase en pronunciar ben e non ten un esaxerado acento español.